




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Bergondo. Parroquia: San Salvador de Bergondo, no sur e o extremo occidental; San Vicente de Moruxo, partes centrais e oriental; e San Xoán de Ouces, extremo norte. Extensión: 2,07km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Un pequeno curso fluvial degrada a antiga superficie de aplanamento dos 100/200m formando unha cunca con pendentes moderadas (desnivel de 150m en 1,5km). A fronte costeira é acantilada pero contén depósitos areosos e lamacentos ao pé que acadan un largo considerable na parte meridional da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade baixo o Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzoístos, de idade precámbrico-silúrica. En extremo norte aparecen bandas de anfíbolitas antehercínicas e xistos filíticos. O Cuaternario caracterízase polos depósitos costeiros intermareais, de carácter areoso e lamacento-areoso.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido caracterizado por medias anuais de temperatura por riba de 15°C na maior parte da unidade, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1000mm e 1200mm.

OS SOLOS

Existen tres tipos de solo: o dominante na parte inferior, máis costeira, un cambisol eútrico; un umbrisol dístrico, que ocupa a vertente meridional; e un fluvisol háptico, que aparece no extremo suroeste.

AS AUGAS

Vertente costeira na que destaca principalmente a cunca do Rego do Cabanés xa que as demais valgas teñen escasa prolongación continental. A unidade desauga na súa maior parte na masa de Augas de Transición do Esteiro do Mandeo (20469) quedando un pequeno tramo acantilado, entre A Pedreira e a Punta de Gandarío, exposto á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Todo o sector costeiro e os fondos mariños da ría a esta altura están protexidos polo LIC Betanzos-Mandeo. Trátase dunha unidade mixta con cantís e praias intermareais ao pé. Aparecen así o hábitat 1230 de cantís atlánticos e o 1210 de Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados tendo en conta que son habituais as pequenas plataformas e as praias areosas de pé acantilado. Pero os hábitats con máis importancia son os 1110 e 1140, é dicir, as chairas lamacentas e / ou areosas intermareais e submareais, cunha gran extensión nesta unidade. A Praia do Pedrido ten dunas incipientes moi ruderalizadas. Ao interior, destaca a existencia de varias masas mixtas de frondosas caducifolias autóctonas con outras especies alóctonas, en toda a vertente de Fiobre.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A paisaxe de Moruxo caracterízase por un uso tradicional agrícola moi fragmentado. O antigo mosaico continuo de parcelas de cultivo atópase agora interrompido pola aparición de áreas construídas, así como novas masas arbóreas de repoboación ou a vexetación de ribeira que acompaña o transcurso do Rego do Cabanés, na parte central da unidade. A ladeira norte do Monte de Aldao, que limita a unidade polo sur, mantén a cobertura boscosa de masas mixtas de frondosas caducifolias autóctonas mesturadas con outras especies alóctonas. Na fronte litoral, con certas interrupcións puntuais consecuencia de edificacións en liña de costa, predomina a vexetación boscosa atlántica de cantil.

MORFOLOXÍA

Catro son os núcleos que tradicionalmente organizaron o territorio desta unidade. Na fronte litoral, Moruxo (núcleo de identidade litoral) no norte, e A Pasaxe do Pedrido, ao pé da Ponte do Pedrido na chaira que se xera na desembocadura do río Mandeo. Fiobre, situado a media ladeira na vertente sur do val de Cabanés, e atravesado pola AC-164, é o que experimentou un maior crecemento, arredor da devandita estrada. No interior do val, nunha zona sensiblemente plana, sitúase Carrío, asentamento de certa entidade e compacto no que se asenta a capitalidade administrativa do municipio. Actualmente rexístrase un crecemento residencial apoiado nas vías de comunicación que fai que xurdan numerosas vivendas unifamiliares illadas ao longo da C-0807 entre Carrío e Moruxo. É tamén importante o fenómeno de crecemento disperso que se dá entre Carrío e Fiobre, ocupando o fondo do val de Cabanés, e o que se estende por certas áreas próximas a liña de costa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-164 atravesa a unidade, percorrendo a vertente sur do val do Cabanés para rodear o Monte de Aldao e cruzar a ría de Betanzos pola Ponte do Pedrido. Esta vía garante ao mesmo tempo a conexión transversal (da fronte marítima coas terras de interior) e a unión cos territorios do outro lado da ría. A outra vía que condiciona esta paisaxe é a C-0807 entre Carrío e Moruxo, que, aínda que é de menor identidade que a anterior, supón o límite occidental do ámbito. Ambas as estradas crúzanse en Carrío, onde acomete tamén a estrada AC-161 Betanzos-Bergondo; este cruzamento de estradas é o principal factor xerador do incipiente núcleo urbano de Carrío-Bergondo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O vestixio arqueolóxico reportado é o Castro que hai no alto do Monte de Aldao, sobre o cal se atopa na actualidade o Pazo de Aldao. En Carrío está a Capela de San Cidre, e a igrexa parroquial de San Vicenzo de Moruxo que se sitúa no fondo do val de Cabanés. En Fiobre rexístranse varios exemplos de patrimonio etnográfico, destacando a coñecida como "Casa Torre". No núcleo de Moruxo podemos mencionar o Pazo do Curro e o Pazo de Moruxo, así como varias casas e hórreos catalogados como arquitectura popular tradicional.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O trazo máis característico desta unidade son as formacións areosas intermareais que se xeran ao pé dos cantís ao longo da práctica totalidade do litoral, especialmente nas proximidades da desembocadura do Mandeo. Destaca a praia do Pedrido, a de maior extensión e estabilidade. O conxunto da paisaxe constitúese nun tapiz complexo que alterna usos agrícolas e residenciais con pequenas masas boscosas, especialmente concentradas ao longo do curso do rego de Cabanés. En liñas xerais, os asentamentos tradicionais manteñen basicamente a súa morfoloxía orixinal, mentres que ao longo das vías de comunicación se deu un fenómeno de colonización mediante tipoloxías residenciais desvinculadas das actividades agroforestais. Os límites visuais están marcados cara ao sueste polo Monte de Aldao, mentres que ao oeste é a estrada C-0807 a que acouta a paisaxe, permitindo unha conexión visual coas terras de Bergondo até os montes de Reboredo.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas que se rexistran neste territorio teñen que ver, sobre todo, co cambio de uso de certas áreas e coa aparición de novas actividades. Especialmente na vertente noroeste do val do Cabanés o abandono dos labores agrícolas propiciou que aparecesen novas masas arbóreas alí onde antes só había parcelas de cultivo. Do mesmo xeito, a canle do rego de Cabanés viu potenciada e consolidada a súa vexetación de ribeira ante a redución da presión agraria, e zonas do litoral que antes estaban traballadas presentan agora vexetación costeira propia das formacións acantiladas. Ao mesmo tempo, os novos modelos de crecemento residencial levaron a que xurdisen numerosas vivendas ao longo das vías que transcorren pola unidade, e que se xerara un proceso de urbanización máis intenso pero igualmente esponxado no fondo do val, ao sur de Carrío.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Aínda que se trata dunha contorna fortemente antropizada, o conxunto mantén unha coherencia paisaxística e permite unha lectura unitaria. Salvo determinados impactos puntuais, pódese considerar como unha unidade homoxénea, na que a evolución dos usos e modelos de ocupación do territorio non borrou completamente as trazas dos modelos tradicionais. O conxunto que forman os cantís costeiros coas formacións areosas intermareais que se xeran aos seus pés e a vexetación costeira atlántica que os cobre (vexetación de repoboación en moitos dos casos) supón un sistema de especial valor ambiental, protexido coa súa inclusión no LIC Betanzos-Mandeo, dentro da Rede Natura 2000 e a Rede de Espazos Naturais de Galicia. A vinculación e adaptación do núcleo de Moruxo ao seu enclave litoral ten motivado a súa consideración como Núcleo de Identidade Litoral. Precisamente desde este núcleo de Moruxo téñense visións lonxitudinais do litoral da unidade, ademais de permitir unha perspectiva longa cara ao interior do val de Cabanés e da vertente oposta da ría de Betanzos, incluíndo así a visual do Espazo de Interese Paisaxístico de Punta Xurelos. O alto de Monte de Aldao permite dominar o conxunto da paisaxe, apreciando o descenso da ladeira e a depresión do val cara á costa, así como toda a fronte litoral até a Punta de Moruxo e en definitiva o perfil costeiro da ría de Betanzos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Núcleo do Pedrido, de carácter tradicional, pero de uso basicamente residencial non vinculado coas actividades rurais, co obxectivo de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, optimizar a integración das infraestruturas presentes, especialmente a subestación eléctrica, minimizar a presión sobre a praia e a marisma e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareais	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



